



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1765 /1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 18 de outubro de 2024**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga

D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dezoito de outubro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(827).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(828).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, MEDIANTE UN ACORDO MARCO, DOS SERVIZOS DE PROCURADORÍA DOS TRIBUNAIS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17501/111.**

Visto o informe xurídico do 09/10/2024 e o informe de fiscalización do 10/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/10/2024, asinado pola

técnica de Xestión, o letrado especialista en orde social, civil, contenciosa e mercantil, a letrada-xefa de Asesoramento, a titular da Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Antecedentes**

No expediente que se tramitou ata o de agora figuran incorporados os seguintes documentos que se relacionan:

1. Informe de necesidade e idoneidade do contrato e proposta de orde de inicio do expediente asinada polo letrado especialista na Orde social, civil, contenciosa e mercantil e a titular da Asesoría Xurídica o 18 de xullo do 2024; e resolución de inicio do expediente asinada pola concelleira da Área de Xestión Municipal na mesma data, por delegación da Xunta de Goberno Local.
2. Memoria económica do contrato asinada o 23 de xullo do 2024 pola técnica de xestión, o letrado especialista e a xefa de asesoramento, e conformada pola concelleira da Área de Xestión Municipal na mesma data; e Documento contable asinado pola Dirección Superior Contable e de Orzamentación en data 25 de xullo do 2024.
3. Prego de prescricións técnicas do 20 de setembro do 2024 asinado polo letrado especialista e pola xefa de asesoramento; e declaración dos redactores sobre a neutralidade do prego.
4. Memoria Xustificativa do contrato asinada o 2 de outubro do 2024 pola técnica de xestión, o letrado especialista e a xefa de asesoramento, e conformada pola concelleira da Área de Xestión Municipal na mesma data.
5. Informe da técnica de administración xeral e a xefa de Área de Contratación do 24 de setembro do 2024 por medio do cal se informa de que figuran incorporados os documentos esixidos para a súa tramitación.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares do Acordo marco para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa de Área de Contratación o 2 de outubro do 2024.

### **Fundamentos de dereito**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciarase polo órgano de contratación.

Nos municipios de gran poboación a que se refire o art. 121 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a propia Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) sinala no seu apartado 4º que o órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local. No Concello de Vigo esta competencia de iniciación dos expedientes de contratación está delegada por Acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 e posteriores modificacións, nos concelleiros da Área (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, última modificación vixente).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116 da LCSP, o informe de necesidade e idoneidade do contrato, a memoria xustificativa co contido previsto no apartado 4 deste artigo 116 LCSP, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares, tal e como se relaciona nos antecedentes deste informe.

**Terceiro.- Acordo marco.** O procedemento elixido para a contratación é o Acordo marco, tramitación anticipada. Os elementos básicos do contrato, tal e como figuran recollidos e desenvolvidos nos documentos que forman parte deste expediente son os seguintes:

O seu **obxecto** o constitúe a conclusión dun acordo marco do que deriven contratos de servizos para a contratación dos servizos propios da profesión de Procurador/a dos Tribunais, nos termos nos que se regula esta actividade profesional. Fíxanse tres lotes, para o ámbito territorial propio das instancias xurisdicionais nas que o Concello de Vigo (e resto de entidades de dereito público defendidas por este) adoita figurar como demandante, demandado ou en posicións procesuais equivalentes (interesado, codemandado, etc.).

Con un **prazo** de 2 anos este Acordo marco; sen prexuízo de que os contratos de servizos derivados excedan da duración deste, supeditado á duración do proceso xudicial. E prevese a posibilidade de 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

O **valor máximo estimado** é de 283.702,56 €, con imputación á partida 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais"). O valor estimado ten carácter orientativo e non vinculante.

**Cuarto.- Contratos derivados.** A adxudicación dos contratos de servizos derivados deste acordo marco (isto é, a designación do/a procurador/a no concreto procedemento xudicial) efectuarase directamente, sen necesidade de convocar ás partes a unha nova licitación, a cada un dos procuradores/as seleccionados para cada lote seguindo unha quenda rotatoria que se establecerá de conformidade coa orde de clasificación de cada lote -de maior a menor puntuación- das proposicións, obtida no procedemento de licitación do acordo marco.

Corresponderá ao/á concelleiro/a da Área de Xestión Municipal a adxudicación dos citados contratos derivados, previa proposta da Asesoría Xurídica como unidade xestora do contrato.

**Quinto.- Poder para preitos.** O antecedente inmediato -e aínda actual- deste tipo de servizos a contratar, provén da regulación recollida no Código Civil. Pola súa vez, a lexislación procesual, aplicable a cada Orde xurisdicional, esixe un apoderamento do demandante/demandado/codemandado en favor do Procurador/a; os coñecidos como "poderes xerais para preitos".

Neste caso, non só por tratarse dunha esixencia legal, senón porque a experiencia así o aconsella, e evita incidencias que repercutan na correcta defensa desta administración municipal, resulta preciso, unha vez concluído o procedemento de

licitación do acordo marco, designar a un Notario que recolla nun documento de apoderamento o mesmo, en favor dos licitadores seleccionados a través deste procedemento, de xeito que se poida acompañar ese documento con carácter xeral nos procesos.

Para a determinación dos honorarios notariais do poder para preitos e das copias correspondentes resultan de aplicación as regras contidas no arancel notarial aprobado polo Real Decreto 1426/1989, de 17 de novembro (Anexo I.Número1.Apartado b, Anexo I. Número 4, Anexo I.Número 7...). No anterior acordo marco, estes gastos derivados de notaría supuxeron 230,84 euros (importe íntegro), non obstante dado que a determinación do importe dalgún dos conceptos a minutar depende do número de folios non pode precisarse o importe concreto que suporá este gasto. Polo que, estímase un importe orientativo máximo de gastos notariais de 300 euros.

**Sexto.-** Resulta competente para resolver este expediente nesta fase de aprobación do mesmo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo como órgano de contratación desta Administración Pública, segundo dispón a Disposición Adicional segunda (punto 4º) da LCSP 9/2017. Canto á motivación da resolución que aproba o expediente, a constancia da documentación acreditativa da necesidade e axuste a dereito da contratación abonda para cumprilo (STS 14/9/2012 e SSTC 146/1990, sobre motivación por remisión).

De xeito que atendendo ao anteriormente exposto, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, **proponse á Xunta de Goberno Local**, a adopción do seguinte Acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación numerado como 17501/111, de contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, coas características definidas no Prego de prescricións técnicas do 20 de setembro do 2024 redactado pola Asesoría Xurídica e no Prego de cláusulas administrativas particulares do 2 de outubro do 2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen neste expediente.

**Segundo.-** Aprobar o gasto máximo por importe de 141.851,28 € para a contratación dos servizos de procuradoría dos tribunais por medio dun Acordo Marco, con cargo á partida orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais"), de conformidade coa seguinte distribución:

	Importe sen IVE
Importe primeiro ano do contrato 2025	70.925,64 €
Importe segundo ano do contrato 2026	70.925,64 €

Os importes anteriores incrementaranse co importe correspondente ao tipo impositivo do IVE, sendo na actualidade do 21%.

Ao tratarse dunha tramitación anticipada de gasto e un gasto plurianual, queda subordinada á existencia de crédito que para cada exercicio se consignen nos respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 117.2 da Lei 9/2017, de 8



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

E aprobar tamén o gasto máximo por importe de 300 €, para atender os gastos notariais relativos ao documento de apoderamento en favor dos licitadores seleccionados a través deste procedemento, con cargo á mesma partida orzamentaria 9200 2260400 (“Gastos xudiciais e notariais”).

**Terceiro.-** Abrir o procedemento de contratación segundo os trámites recollidos na normativa actualmente en vigor.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(829).- AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE SOPORTE E DESENVOLVEMENTOS EN TYPO3. EXPTE. 7033/241.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/10/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de soporte e desenvolvementos en TYPO3 (9.825-113) (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 22 de xullo de 2022, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do servizo de soporte e desenvolvementos en TYPO3, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

**Segundo.-** O 6 de outubro de 2022, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Adxudicar a ICTI INTERNET PASSION, S.L. (B-13.327.168) o procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113) por un prezo máximo de 24.200,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.200,00 euros, e coas seguintes condicións:*

- a) *Cun prezo unitario de hora de prestación do servizo de 48 € (IVE incluído).*
- b) *Achega, para a execución do contrato, 2 persoas certificadas como editor ou desenvolvedor en TYPO3.*
- c) *Acredita a realización de 5 proxectos sobre o CMS Typo3 a partir da versión 9.5.*
- d) *Propón unha bolsa anual de horas sen custe para o Concello de 50 horas.*
- e) *Dispón dunha ferramenta para a xestión, control e seguimento de incidencias, traballos e tarefas en proceso.*
- f) *É membro ou provedor de servizos da comunidade do CMS TYPO3.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O 20 de outubro de 2022 formalizouse o contrato en documento administrativo por un período de 1 ano con posibilidade de 1 prórroga de tres anos de duración, comezando a súa execución o 21 de outubro.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 11 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:

- *“Tomar razón do cambio de denominación social de ICTI INTERNET PASSION, S.L. a AOKITEK DIGITAL, S.L. como empresa contratista do servizo de soporte para o sistema xestor de contidos (9825-113).*
- *Notificar este acordo ao interesado, á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal, non resultando preciso o cambio da garantía definitiva a nome da nova persoa xurídica dado que mantén o mesmo CIF”.*

**Quinto.-** Na sesión do 1 de xuño de 2023 Xunta de Goberno local acordou (expediente nº 6.885-241):

*“1º.- Modificar o contrato do servizo de soporte e desenvolvementos en typo3 (9825-113), nos termos sinalados neste informe.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 4839,84 € euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 9207.2270603 (SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS), coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
2023	4.839,84 €
Total	4.839,84 €

Esta modificación representa un 19,99 % do prezo do contrato. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 199,99 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante.”

Mediante solicitude do 10 de maio de 2023 (documento nº 230127518) o contratista solicitou a retención na facturación do reaxuste da garantía definitiva.

A referida modificación formalizouse o 16 de xuño de 2023.

**Sexto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 19 de outubro de 2023, acordou a prórroga deste contrato polo período de tres anos, do 20 de outubro de 2023 ao 19 de outubro de 2026, polo importe total de 72.600,00 € IVE incluído (expediente 10.102-113).

**Sétimo.-** Con data do 5 de agosto de 2024, D. Carlos Antonio Llanos Zarco, en representación de AOKITEK DIGITAL, S.L. e D. Leoncio Touceda Taboada, en representación de TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L. presentan solicitude de cesión do contrato (documento nº 240236052) achegando acordo de cesión asinado por ambos os dous solicitantes.

Compróbase que a empresa TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L. consta inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da CA de Galicia no que figura o poder de representación de D. Leoncio Touceda Taboada. Así mesmo, consta no expediente 9.825-113 o certificado do Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público no que

se indica que D. Carlos Antonio Llanos Zarco é o administrador único de AOKITEK DIGITAL, S.L.

**Oitavo.-** O 25 de setembro de 2024 solicítase ao servizo xestor a emisión dun informe no que faga constar se existe algún impedimento á cesión do contrato e, concretamente:

- a) se as cualidades técnicas ou persoais do cedente foron razón determinante da adxudicación do contrato
- b) se a cesión pode supoñer unha restrición efectiva da competencia no mercado
- c) se a cesión pode supoñer unha alteración substancial das características do contratista.

Lémbrese que o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP que rexe esta contratación contemplaba criterios de adxudicación referidos ao cedente que puideron ser determinantes na adxudicación do contrato.

**Noveno.-** Con data do 3 de outubro de 2024, AOKITEK DIGITAL, S.L. presenta nova documentación, en relación coa súa solicitude de cesión de data 5 de agosto de 2024 (documentos nº 240304098 e 240304103), sobre a súa solvencia e sobre aspectos que se tiveron en conta nos criterios de adxudicación esixidos no PCAP (apartado 7C do Anexo I -FEC-).

**Décimo.-** O 4 de outubro de 2024, a adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica, responsable do contrato, emite informe.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **Lexislación aplicable á cesión**

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta cesión. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

### -II-

#### **Natureza e requisitos da cesión do contrato**

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que correspondesen ao contratista ou cedente.

Tratase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ao outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

A cesión regúlase no artigo 214 da LCSP que dispón que para que os contratistas poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros, os pregos deberán contemplar, como mínimo, unha serie de requisitos que foron recollidos na cláusula 41 do PCAP que rexe esta contratación.

No entanto, esta cláusula, en liña co apartado 1 do citado artigo 214, establece que non se permitirá a cesión nos seguintes supostos.

- a) Cando as cualidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato
- b) Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado
- c) Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista e estas constitúen un elemento esencial do contrato

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no apartado 2 do artigo 214 e na citada cláusula 41 do PCAP:

➤ **Requisitos obxectivos:**

- Que o cedente teña executado cando menos un 20 % do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación, ou se puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.

➤ **Requisitos subxectivos:**

- Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración
- Non estea incurso en ningunha causa de prohibición de contratar
- Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación se tal requisito foi esixido ao cedente

➤ **Requisitos formais:**

- Que o órgano de contratación autorice previa e expresamente a cesión

- Que a cesión se formalice entre o contratista e o cesionario en escritura pública

Analizaremos a continuación se o este contrato é susceptible de cesión e, en caso afirmativo, se concorren os requisitos legais para a autorizala.

O obxecto do contrato que nos ocupa é o soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) que sustenta a Intranet corporativa do Concello de Vigo, así como desenvolvementos sobre dito sistema para a mellora e ampliación de funcionalidades. Abrangue tamén formación a administradores e editores de contidos (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Consta no expediente informe emitido pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica, responsable do contrato, de data 4 de outubro de 2024 que deseguido se transcribe:

*“A efectos da autorización da cesión do contrato indicado, infórmase o seguinte:*

*A empresa adxudicataria do contrato, AOKITEK, cedeu á TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L. (en adiante PLEXUS), en acordo firmado por ambas en xuño de 2024, a súa “Unidade Produtiva” da que forma parte o seu persoal traballador (incluíndo as persoas desenvolvedoras de ferramentas e aplicacións en TYPO3) e o coñecemento sobre o CMS TYPO3. Ambas empresas prestan servizos relacionados cos sistemas de información e desenvolvemento de aplicacións, por tanto a cesión non altera as características na empresa cesionaria*

*A mencionada Unidade Produtiva está composta xustamente polo equipo de persoas que estaban a prestar o servizo contratado de Soporte e Desenvolvemento en TYPO3 polo seu coñecemento dese sistema xestor de contidos (Content Management System) en particular.*

*Como no contrato de cesión entre ambas empresas se indica expresamente que se traspasa o coñecemento, incluíndo formación e documentación detallada, entendemos que se acredita así que a empresa cesionaria cumpre co criterio de “ter realizados proxectos sobre o CMS Typo3 a partir da versión 9.5”.*

*Así mesmo, aportouse documentación de PLEXUS como provedor de servizos de TYPO3 e como membro no nivel “Gold” da Asociación TYPO3, certificación como editor dun dos membros da unidade produtiva e reserva de exame para a renovación da certificación doutra persoa do equipo. Indícase tamén a ferramenta comercial dispoñible para a xestión, control e seguimento de incidencias, que é a mesma que xa se estaba a usar coa adxudicataria.*

*Co anteriormente exposto, considérase que o cesionario cumpre con requisitos suficientes para continuar a prestación do servizo.*

*No relativo aos aspectos recollidos no artigo 241.1 da lei 9/2017, infórmase que:*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

- *As cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato. Ademais, os criterios da adxudicación enténdese que conservan a súa acreditación segundo o exposto anteriormente.*
- *A cesión non supón unha restrición da competencia no mercado, xa que se traspasa un coñecemento especializado nun sistema de información específico do que a cesionaria carecía e cuxo servizo por tanto non podía ofrecer por si mesma.*
- *A cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista dado que tanto cedente coma cesionario prestan servizos no ámbito dos sistemas de información e desenvolvemento de aplicacións.*

*En conclusión, vista a documentación aportada, este departamento considera procedente a cesión do contrato”.*

O PCAP non esixe requisitos adicionais para a cesión pero si debemos ter en conta que foron obxecto de valoración criterios avaliados a través de fórmula relacionados co licitador, segundo o previsto no apartado 7C do Anexo I -FEC-. A este respecto, consta no informe transcrito que “[...] os criterios da adxudicación enténdese que conservan a súa acreditación[...]”.

Dado que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, a cesión non supón unha restrición da competencia no mercado nin unha alteración substancial das características do contratista, segundo o informado pola responsable do contrato, resta comprobar se se cumpren os requisitos esixidos pola lei.

Dos requisitos citados, é preciso comprobar se concorren os obxectivos e os subxectivos, por canto, respecto aos requisitos formais, a autorización do órgano de contratación só poderá outorgarse de concorrer aqueles, e a formalización por escrito é posterior ao acordo de autorización.

Respecto ao cumprimento dos requisitos obxectivos, hai que por de releve que o cedente xa executou máis dun 20% do importe do contrato posto que, como se indicou nos antecedentes, o contrato ten unha duración de 1 ano e atópase prorrogado desde o 20 de outubro de 2023 ao 19 de outubro de 2026, así mesmo foi obxecto dunha modificación (expte. 6.885-241) motivada en que “xurdiron necesidades específicas, especialmente complexas que non se puideron prever, por causa das cales se precisa incrementar o número de horas anuais. Unha das tarefas principais a realizar coa máxima prioridade no ano do contrato era a actualización da versión do CMS, atendendo a criterios de seguridade e funcionalidade. Pero xurdiu a necesidade previa de integrar no CMS os desenvolvementos e engadidos usados para o microsítio da Axenda Urbana (desenvolvido por outro adxudicatario e con cargo a fondos europeos NextGeneration)” que supuxo un incremento do prezo do contrato de 4.839,84 € euros (19,99 % do prezo do contrato).

En relación á acreditación dos requisitos subxectivos, comprobada a documentación achegada polo cesionario así como a consultada de oficio por esta Administración, tanto nos rexistros de contratistas como nas plataformas de interconexión con outras Administracións, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, non estar incurso en causas de prohibición de contratar e a solvencia do cesionario para subrogarse na posición do cedente neste contrato (neste contrato non se esixiu clasificación por tratarse dun contrato de servizos), así como que está ao corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Anéxanse ao expediente certificados do Rexistro de Contratistas do Estado e da CA de Galicia, nos que consta a capacidade de obrar da cesionaria, o poder de representación, que non está incurso en prohibición de contratar así como que está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa ATRIGA, a AEAT e non ten débedas coa SS. Na documentación achegada o 3 de outubro acredítase a solvencia económica e técnica e compróbase que non ten débedas co Concello de Vigo, incorporándose o correspondente certificado no expediente.

Podemos concluír que, dado que o contrato é susceptible de cesión, cúmprense os requisitos obxectivos e subxectivos esixidos polo artigo 214 da LCSP, e que a responsable do contrato, en informe de data 4 de outubro de 2024, manifesta que se *“considera procedente a cesión do contrato”*, procedería outorgar a autorización solicitada para a cesión do contrato. Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, *“el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un cierto carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la valoración de las cualidades técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario”* (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

### **-III-**

#### **Garantías do contrato**

A LCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, se preste unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 107.2).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 110 da LCSP:

- a) Da obriga de formalizar o contrato en prazo, de conformidade co disposto no artigo 153.
- b) De las penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 192 desta Lei.
- c) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato incluídas as melloras que ofertadas polo contratista teñan sido aceptadas polo órgano de contratación, dos gastos orixinados á Administración pola mora do contratista no cumprimento das súas obrigas, y dos danos e perdas ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- d) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nesta Lei estea establecido.
- e) Ademais, entre outros, nos contratos de servizos, a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens construídos ou subministrados ou dos servizos prestados durante o prazo de garantía que se teña previsto no contrato.

Esta garantía esíxese aos que presentasen a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145 nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido (artigo 107.1 da LCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido para o efecto, decaerá o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas (artigo 107 en relación co artigo 150 da LCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato o cedente solicitou a retención do importe da garantía (1.000,00 euros) no prezo do contrato (documento nº 230161013). Mediante documento do 10 de maio de 2023 (nº 230127518) o contratista solicitou a retención na facturación do reaxuste da garantía definitiva por mor da modificación do contrato (199,99 euros).

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, prevese a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

No caso que nos ocupa o contrato foi modificado. En consecuencia, o importe total da garantía prestada polo actual contratista é de 1.199,99 euros.

O apartado 3 do artigo 214 establece que o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente. Así mesmo, o artigo 111.3

indica para os supostos de cesión que non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario.

En consecuencia, unha vez que se atope formalmente constituída a garantía por TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L., procederá a devolución ou cancelación da garantía prestada por AOKITEK DIGITAL, S.L.

#### **-IV-**

#### **Formalización do acordo de cesión do contrato**

Outorgada a autorización para a cesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice en escritura pública, requisito formal constitutivo desta (artigo 214.2d) da LCSP).

Consecuentemente, este acordo sometese á condición suspensiva de formalización da cesión en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

#### **-V-**

#### **Data dos efectos da cesión**

Respecto á data dos efectos da cesión do contrato, a xurisprudencia sinala como tal a data do inicio do prazo contractual, se ben admite a posibilidade de que a Administración poida autorizar que os efectos se produzan a partir dunha data determinada, sempre e cando iso non resulte contrario ao interese público. Nesta liña, establece a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de outubro de 2005 (LA LEY 1938/2005) que *“a tenor del párrafo segundo del artículo 182 del Reglamento, el cesionario queda subrogado en todos los derechos y obligaciones que correspondían al cedente, debiendo entenderse que esta subrogación se refiere a la totalidad del tracto de la relación contractual, y no se produce sólo a partir del momento en que se suscribe el contrato de cesión”*. “[...] la finalidad del acto administrativo que autoriza la cesión es garantizar el interés público en el cumplimiento del contrato y de las obligaciones derivadas del mismo. Por tanto si existe otra entidad contratista que se considera apta para asumir las obligaciones contractuales y se entiende que el interés Público está garantizado, nada se opone a que la Administración esté actuando conforme a derecho al autorizar la cesión, y ello incluso en el caso de que sus efectos se contraigan a las obligaciones y derechos posteriores a la cesión misma. Pues la cuestión decisiva es que resulte garantizado el interés público en la ejecución de la obra, y así sucede cuando los posibles incumplimientos anteriores a la cesión puedan dar lugar a un resarcimiento de la Administración. Por otra parte y por lo que se refiere al caso de autos, ya que se hizo sin ninguna reserva, la autorización afectaba a la totalidad del negocio jurídico de cesión, y por tanto a la cláusula del contrato en que se materializó ésta en la que se establecían los derechos y obligaciones del cedente y el cesionario”.

Consecuentemente, a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirá efectos dende a data do inicio da execución do mesmo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

### -VI-

#### Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Neste caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ao non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronúnciase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, que determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, do 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón.

Tendo en conta que procederá axustar os actos de execución orzamentaria á nova situación, o acordo adoptado será trasladado ao Servizo de Contabilidade para os efectos oportunos.

### -VII-

#### Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, na súa cualidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*1º.- Autorizar a cesión do contrato do servizo de soporte e desenvolvementos en TYPO3 (9.825-113), adxudicado a ICTI INTERNET PASSION, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de outubro de 2022, cuxa cambio de denominación social a AOKITEK DIGITAL, S.L. foi tomada razón na sesión do 11 de maio de 2023, a favor de TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L. (B-15.726.177).*

*2º.- A cesión quedará condicionada á constitución da garantía definitiva polo cesionario polo importe sinalado no fundamento xurídico III deste informe (1.199,99 euros) e á súa formalización en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.*

*3º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase dende a data do inicio da execución do mesmo.*

4º.- *Notificar este acordo aos interesados*".

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(830).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23610/333.**

Visto o informe xurídico do 7/10/2024 e o informe de fiscalización do 8/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/10/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director Deportivo, o técnico de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado e polo concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Atendendo ás observacións trasladadas pola intervención e ao obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 23610/333 sobre as "axudas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, procedeuse a corrixir un erro material no traslado dos datos das puntuacións dos solicitantes.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo as observacións detalladas:

### **I- ANTECEDENTES**

1. Mediante Acordo de data 14.06.24 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases reguladoras para a concesión de "axudas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, por un importe total de 50.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.
2. Mediante anuncio publicado no BOPPO núm 134 de data 10.07.24, foi publicada a convocatoria, con indicación de que o prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, sería de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
3. No período de presentación de solicitudes se presentaron 55 solicitudes de deportistas.
4. Consta incorporada ao expediente a seguinte documentación:
  - a) Certificado municipal acreditativo do cumprimento do requisito específico establecido no apartado d.1 da base 4ª de estar empadroado na cidade de Vigo con vixencia mínima ininterrompida dende o 01.01.23.
  - b) Datos completos individualizados sobre as competicións e puntuacións obtidas por cada un/unha dos/das deportistas.
5. Acta da Comisión Avaliadora do 03.10.24, asinada polo Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, polo Técnico deportivo do servizo de deportes e polo Concelleiro Delegado de Deportes.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

6. Cálculos individualizados e detalle das competicións e puntuacións segundo os baremos establecidos nas bases da convocatoria.

### II.- FUNDAMENTOS

Vista a proposta do 03.10.24 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Técnico deportivo do servizo de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 13ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 6ª das bases da convocatoria establécense os criterios para a concesión das axudas:

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
  - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración como tal, deberán ter a designación oficial, o cal deberá ser acreditado pola autoridade federativa competente.
  - No caso de que a competición da que se trate estea conformada por varias probas e teñan clasificación final, só se valorará o posto da clasificación final, e non a clasificación dunha única proba.
  - No caso de existir máis dunha final, terase en conta unicamente o resultado da final de maior nivel,
  - Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
    - Campionatos de Europa, Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo e Outras competicións internacionais: 25 participantes na proba e 6 países en categoría masculina, e 12 participantes e 6 países en categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8 participantes, sen terse en conta o número de países participantes.
    - Fase final de Campionatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina. Na modalidade de atletismo, a participación mínima, en calquera dos casos, será de 8.
    - Non se esixirá participación mínima en competicións de deporte adaptado, aínda que de non alcanzala, a puntuación obtida na competición da que se trate multiplicarase por 0,50.
  - A categoría de "Outras competicións Internacionais" engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial acreditado pola federación correspondente.
  - No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
  - No caso de solicitantes que participen como "Guías" en modalidades de deporte adaptado, a puntuación final obtida multiplicarase por 0,25.
  - Datas de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 1 de setembro de 2023 e o 15 de xuño de 2024.

- Puntuacións:

	Outras compet. Intrais	Fase final Cto. España	Fase Final Cto. Europa	Fase final Cto.
--	------------------------	------------------------	------------------------	-----------------

							Mundo/XX.OO OU XXPP	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

Por outra banda a cláusula 7ª da convocatoria establece as contías máximas e límites individualizadas das axudas do seguinte xeito:

a) **Límites máximos segundo a orde de prelación:**

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€
18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

b) **Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:**

PUNTUACIÓNS	IMPORTE MÁXIMO
De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

c) **Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:**

- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo/Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.
- 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
- 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
- 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".
- 5º.- En caso de persistir o empate, o importe correspondente dividiríase entre os deportistas empatados.

A esta convocatoria presentáronse un total de 55 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 43 e rexeitáronse 12 polos motivos detallados no anexo II.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/unha dos/das solicitantes de subvención admitidos/as no proceso en virtude das puntuacións acadadas.

Tendo en conta a orde de prelación e os límites establecidos na cláusula 7ª das bases da convocatoria, resultou que o importe total distribuído entre os/as deportistas beneficiarios/as é de 49.000,00€.

Os/as solicitantes declaran que todos os datos reflectidos na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta a responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo.

Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadramento dos solicitantes, todos/as os solicitantes admitidos/as cumpren co requisito de estar



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

empadroados ininterrompidamente en Vigo desde o 01/01/2023 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 4ª.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as subvencións entre os/as deportistas relacionados segundo a distribución prevista no Anexo I, por importe de 49.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do orzamento en vigor.

Segundo.- Rexeitar as solicitudes dos/das deportistas relacionados segundo consta no anexo II polos motivos indicados no dito anexo

Terceiro.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 23610/333).**

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	EXPEDIENTE	MODALIDADE	TOTAL PUNTOS	importe
1	RODRIGUEZ MENENDEZ JUDITH MARIA	394****6G	23978-333	ESGRIMA SILLA DE RUEDAS	275	2.500,00 €
2	RODRIGUEZ GACIO SUSANA	****7166A	24031-333	TRIATLON ADAPTADO	230	2.500,00 €
3	DE LA PUENTE RIOBO MARTIN	3****612M	23979-333	TENIS EN SILLA DE RUEDAS	210	2.500,00 €
4	SAAVEDRA REINALDO JUAN ANTONIO	44****24T	24007-333	TIRO OLIMPICO	205	2.500,00 €
5	WIZNER PEREZ-LAFUENTE JAIME	3946****E	24002-333	VELA	155	2.500,00 €
6	PEREZ CARRERA FRANCISCO	36146****	24025-333	ATLETISMO ADAPTADO	140	2.500,00 €
7	WIZNER PEREZ-LAFUENTE MARTIN	3***6*34K	24003-333	VELA	125	2.500,00 €
8	GARCIA BLANCO CELIA	5***9*25C	24016-333	TAEKWONDO	90	1.250,00 €
9	DIAZ FERNANDEZ ASHEBER	5***2*80Z	23997-333	ATLETISMO	80	1.250,00 €
10	DAVILA RODRIGUEZ ADRIAN	5***2*85G	23974-333	TAEKWONDO	65	1.250,00 €
11	DOMINGUEZ FERNANDEZ MARTA	3***8*77Z	24032-333	SQUASH	60	1.250,00 €
12	DAPENA GARCIA AINTZANE	5***9*20N	23990-333	XIMNASIA DE TRAMPOLIN	60	1.250,00 €
13	FERNANDEZ HERRIN RODRIGUEZ TOMAS	5***9*27B	24006-333	TAEKWONDO	60	1.250,00 €

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	EXPEDIENTE	MODALIDADE	TOTAL PUNTOS	importe
14	FERRON GUTIEREZ JUAN	53***2*6D	23983-333	NATACION ADAPTADA	55	1.250,00 €
15	FERNANDEZ FERREIRO JACOBO	39***7*1W	24008-333	BADMINTON	50	1.250,00 €
16	MARTINEZ NOVOA MIGUEL	***17**5V	23971-333	NATACION	50	1.250,00 €
17	GONZALEZ RODRIGUEZ MAURO	54***7*0M	24005-333	ESGRIMA	45	1.250,00 €
18	DORELLE RODRIGUEZ MARTA	**5**693V	24000-333	ESGRIMA	45	1.000,00 €
19	CAMPOS LEIRO FERNANDO	39***1*2X	24015-333	VELA	45	1.000,00 €
20	NAVARETE SANTANA ESTER	53***7*2Y	24033-333	ATLETISMO	40	1.000,00 €
21	GUZMAN BITAR JHOAN	**1**614W	23996-333	PATINAXE VELOCIDADE	40	1.000,00 €
22	DIAZ POUSEU UXIA	**1**391Q	23987-333	ESGRIMA	38	1.000,00 €
23	ROMAN LEIROS JORGE	**4**952B	24009-333	ATLETISMO	38	1.000,00 €
24	VARELA CAMPO HUGO	**4**227N	24019-333	SQUASH	35	1.000,00 €
25	VAZQUEZ LOPEZ MARIA TERESA	***95*54C	24017-333	BADMINTON	30	1.000,00 €
26	CABELLO VIEITEZ PABLO	***50*90L	23992-333	VELA	30	1.000,00 €
27	CAMPOS MENDEZ IGNACIO	***58*65B	24020-333	VELA	30	1.000,00 €
28	BASTOS NOVELLE YOLANDA	**01071**	24021-333	VELA	30	1.000,00 €
29	SIO SEIJO AROA	**17406**	24034-333	MONTAÑISMO	30	1.000,00 €
30	ALVAREZ VAZQUEZ MARTA	**54803**	24018-333	BADMINTON	23	500,00 €
31	ESPIÑEIRA AMEIJERAS ALVARO	**47010**	23977-333	PATINAXE VELOCIDADE	23	500,00 €
32	SERRAT SEOANE ANTONIO	53***4*9V	24024-333	TRIATLON	20	500,00 €
33	POMBO FERNANDEZ IVAN	7689***2*	23982-333	TENIS MESA CADEIRA RODAS	15,5	500,00 €
34	RUSO VAZQUEZ TELMA	**65918**	24022-333	BADMINTON	15	500,00 €
35	DORELLE RODRIGUEZ NEREA	545**69**	23999-333	ESGRIMA	15	500,00 €
36	GARCIA CAJIDE TEO	5423**2**	24001-333	SURF	15	500,00 €
37	GOMEZ VAZQUEZ ALVARO	544**99**	24014-333	BADMINTON	15	500,00 €
38	PELAEZ LOPEZ XIAN	775**97**	23973-333	ESCALADA	15	500,00 €
39	NIMO ALVAREZ XAIDO	551**65**	24010-333	ATLETISMO	15	500,00 €
40	IGLESIAS GOMEZ CAROLINA	3949***0*	24023-333	VELA	15	500,00 €
41	FERNANDEZ SACRISTAN PEDRO	5319***2*	24026-333	VELA	15	500,00 €
42	PEREZ ALVAREZ MARTIN	3951***7*	24012-333	VELA	15	500,00 €
43	GONZALEZ FRANCO NICOLAS	3949***2*	24013-333	VELA	15	500,00 €

**ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 23610/333).**

- Por non alcanzar a puntuación mínima de 10 puntos establecida na base 6ª das da convocatoria:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

NOME E APELIDOS	DNI	EXPEDIENTE	TOTAL PUNTOS
REY BARCIELA MATEO	****8864Q	23975-333	5
ALVAREZ NUÑEZ MARTIN	****4515D	23976-333	8
MARTIN OTERO SERGIO	***1203D	23985-333	8
RASCADO NOVAS MARCOS	****4824B	23991-333	8
GARCIA FERNANDEZ MENCIA	****7322S	23993-333	8
GARCIA FERNANDEZ RODRIGO	3****529T	23994-333	8
NOVAS BENAVIDES LORENA	3****674W	23995-333	0
GARRIDO COELLO MARTIN	3****799G	24004-333	0
ALAVA MONTENEGRO JAVIER	5****450S	24027-333	0
CRiado CONSTENLA GONZALO	54****85V	24030-333	0
BAAMONDE GONZALEZ JOSE	39****17W	23972-333	0
OCAMPO ILLANES HECTOR	54****59E	23998-333	8

### **5(831).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DA COPA VIGO DE FÚTBOL 2024. EXPTE. 24058/333.**

Visto o informe xurídico do 23/09/2024 e o informe de fiscalización do 9/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/09/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director Deportivo e conformado polo concelleiro-delegado e polo concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES**

1.1.- Con data 24.07.24 a entidade **FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL** solicitou ó Concello de Vigo unha subvención polo desenvolvemento do proxecto deportivo “Copa Vigo de Fútbol”

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 5.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo da competición
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos e gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- Certificado da representación legal da entidade.
- NIF da entidade, DNI do representante legal da entidade.

## **2.- FUNDAMENTOS**

### **Primeiro.- Consideracións xerais**

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo, así como aqueles cunha participación relevante.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade da Copa Vigo de Fútbol ten unha transcendencia moi relevante no ámbito do fútbol galego.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións, ou coa propia dinámica competitiva.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acollidora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

### **Segundo.- O carácter excepcional da subvención.**

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800012 no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024.

### **Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.**

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel de participación na cidade de Vigo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e un relevante nivel deportivo da competición, coa participación dós e das mellores equipos da modalidade no ámbito de Vigo.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dos e das mellores deportistas non profesionais da modalidade.

Esta competición serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigoeses mais mozos.
  - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
  - Participación en grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigoeses e as deportistas vigoesas.
  - Consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dunha resolución que se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

## **PROPOSTA**

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 5.000,00€ á entidade Federación Galega de Fútbol (CIF G15055890) pola organización da Copa Vigo de Fútbol 2024 a través dunha resolución cuxas condicións, anexas no presente expediente, se someten a aprobación.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 5.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de Fútbol (CIF G15055890) polo desenvolvemento do proxecto deportivo Copa Vigo de Fútbol, segundo resulta da documentación do expediente nº 24058-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800012 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO**

### **CONDICIÓNS E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “COOPA VIGO DE FÚTBOL 2024” (Expte. 24058-333).**

**I.-** O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo Copa Vigo de Fútbol 2024.

**II.-** O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

**III.-** Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

**IV.-** O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**V.** A entidade Federación Galega de Fútbol non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24058-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo da Copa Vigo de Fútbol, se establecen os seguintes compromisos:

### COMPROMISOS

**Primeiro.-** A entidade Federación Galega de Fútbol deberá:

- 1º.- Organizar a Copa Vigo de Fútbol, nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.
- 3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades
- 5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.
- 6º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.
- 7º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.
- 8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder ó Federación Galega de Fútbol unha subvención pola organización da Copa Vigo de Fútbol por importe de 5.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800012 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sexto.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Sétimo.-** A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2024 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas n' esta presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturacións cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán

conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo cuarto.-** A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sétimo.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos

municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**6(832).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV). EXPTE. 98018/332.**

Visto o informe xurídico do 9/10/2024 e o informe de fiscalización do 11/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/10/2024, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 20 de xuño de 2024, a concelleira da Área de Goberno resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado polo técnico de actividades culturais, pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 20/06/2024.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 20/06/2024 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada polo técnico de actividades culturais e educativas, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 24/06/2024.
- Documentos contables RC 117745 e RCFUT 117746, por importes de 3.113,08 e 71.674,68 euros respectivamente, de data 01/07/2024.
- Memoria Xustificativa asinada polo técnico de actividades culturais educativas, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 20/09/2024.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 07/10/2024 con anexo, redactado polo técnico de actividades culturais e educativas do Servizo de Educación e pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada polo técnico de actividades culturais e educativas do Servizo de Educación e pola xefa do Servizo de Educación en data 07/10/2024.
- Informe de 23/09/2024 da técnica do Servizo de Contratación e da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Dilixencia da técnica de administración do Servizo de Contratación de data 07/10/2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 08/10/2024 redactado pola técnica do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV, como órgano colexiado de importancia para facer efectivo o dereito de participación e colaboración de todos os estamentos da Comunidade Educativa na procura da acadar un ensino de calidade para todos os cidadáns vigueses.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 4 (catro) anos e unha posible prórroga, cunha duración dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 18.771,94 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9910 “Estudos e traballos técnicos” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/10/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 08/10/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 75.087,76 euros (62.056,00 euros máis 13.031,76 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV)., con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 “Estudos e traballos técnicos”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 3.413,08 euros correspondentes ao ano 2024;
- 18.771,94 euros correspondentes ao ano 2025;

- 18.771,94 euros correspondentes ao ano 2026;
- 18.771,94 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 15.358,86 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(833).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2024. EXPTE. 20831/77.**

Visto o informe de fiscalización do 11/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/10/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte.

#### **INFORME XURÍDICO-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

I. A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "Programa de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral VIGO EMPREGA" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada da área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas pon en marcha o PROGRAMA VIGO EMPREGA NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2024, concretado na realización de contratos de duración determinada na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral, en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "integrados no seu cadro de persoal".

II. Con data 22/04/2024 a Dirección Xeral de Administración Local, *"informa favorablemente o Programa VIGO EMPREGA no marco do Plan municipal de emprego 2024 do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente"*.

III. Con data 20/05/2024 a Xunta de Goberno Local acordou **aprobar as bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do PROGRAMA VIGO EMPREGA 2024** que se achegan no anexo I; e **proceder á súa publicación** no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento. (...)





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

As bases da convocatoria foron publicadas no BOPPO núm. 105 de 30/05/2024 e DOG núm. 131 de 08/07/2024, así como, na páxina web municipal, prensa local e portal de transparencia.

IV. Con data 27/09/2024 a Xunta de Goberno Local acordou **Aprobar a convocatoria de selección de 75 traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA convocatoria do 2024 (...).**

V. Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección de beneficiarios de anteriores programas, previa solicitude de candidatos dirixida ás oficinas do Servicio Público de Emprego de Galicia en Vigo para a realización da sondaxe conforme aos criterios establecidos na convocatoria e, posterior realización das probas escritas e prácticas, para o que resulta necesario proceder ao nomeamento dos membros titulares e suplentes das Comisións de Selección, que serán propostos pola Concellería delegada da área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (logo da modificación estrutura municipal mediante Resolución da Alcaldía do 28/06/2024, publicada no BOPPO nº 133 do 09/07/2024), con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, establecendo un número máximo de vinte e dúas (22) sesións (4 para a Comisión de selección de Capataces, 7 para a Comisión de selección de Peóns, 4 para a Comisión de selección de Persoal técnico-administrativo e 7 para a Comisión de selección de Oficiais), cun gasto estimado de **6.000,00€**.

Dada a previsión de realización das probas ao longo do mes de novembro, o expediente para proceder ao aboamento das dietas se tramitará, previsiblemente no exercicio 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas de Tribunais", e o gasto se financiará, se fora preciso, con cargo á bolsa de vinculación ou mediante modificación orzamentaria.

Estímase necesaria a constitución de polo menos as 4 comisións de selección seguintes:

- Capataces
- Oficiais de Oficios
- Peóns
- Persoal técnico administrativo (Auxiliar administrativo e Técnico de FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais)

### V. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

## **VII. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

De acordo co anterior, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e Concellería delegada da área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 19 de xuño de 2023, con modificación de data 28/06/2024, e acordo de delegación da Xunta de Goberno Local nos concelleiros de área de data 22 de xuño de 2023 con modificación de data 28/06/2024), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

- 1.-** Aprobado as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do Programa VIGO EMPREGA 2024 de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/05/2024 (BOPPO núm. 105 de 30/05/2024 e DOG núm. 131 de 08/07/2024):

#### **a) Comisión 1: Selección de Capataces:**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Santiago Ledo	Funcionario	A2	Arquitecto técnico
<b>Secretario:</b>	Lucia Trillo Martin Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Suplente:</b>	Rosa Otero Malvarez	Funcionaria	A2	Técnica de organización e xestión de rrrh.
<b>Vogais:</b>	Alfonso Conde Rodríguez	Laboral	C1	Capataz
	F. Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	José Ramón Seijas Álvarez	Laboral	C1	Encargado xeral da área de Medio Ambiente
<b>Suplentes:</b>	Mª Concepción Martínez Murillo	Funcionaria	C1	Administrativa
	Jesús Manuel Garrido	Laboral	C1	Capataz limpeza
	Cristina Domínguez Gonzalez	Funcionaria	C1	Administrativa

### b) Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Cristina Tapias Bouso	Funcionaria	A1	Inxefeira Industrial.
<b>Secretaria:</b>	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C1	Administrativo
<b>Suplente:</b>	Mª Concepción Martínez Murillo	Funcionaria	C1	Administrativa
<b>Vogais:</b>	Mª José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial Coidador de mantemento e control
	Juan Carlos Rodríguez Lorenzo	Laboral	C2	Oficial mantemento Deportes
	Héctor Conde Lorenzo	Laboral	C1	Encargado cemiterios.
<b>Suplentes:</b>	Eugenio Falque Fontan	Laboral	C2	Xestor de flota
	F. Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
	David Graña Feijoo	Laboral	C2	Oficial condutor

### c) Comisión 3: Selección de peóns:

<b>Presidenta:</b>	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
<b>Suplente:</b>	Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Axudante técnico
<b>Secretaria:</b>	Rosa Otero Malvarez	Funcionaria	A2	Técnica de organización e xestión de rrrh.
<b>Suplente:</b>	Miriam Rodríguez Pérez	Funcionaria	C2	Aux. Administrativo
<b>Vogais:</b>	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativo
	Jesús Carballo Margariños	Laboral	C2	Condutor
### **ART. 33.- NOMEAMENTO**

O Tesoureiro será nomeado potestativamente en igual forma e polo mesmo período que o Presidente e coas mesmas condicións.

### **ART. 34.- FUNCÍONS**

Serán funcións do Tesoureiro aquelas de natureza contable, orzamentaria, ou de custodia de bens e efectos que lle encomenden os demais órganos da Xunta de Compensación.

## **TÍTULO V: APORTACÍONS E MEDIOS ECONÓMICOS**

### **ART. 35.- INGRESOS DA XUNTA DE COMPENSACIÓN**

Os ingresos da Xunta están constituídos:

- a) Pola totalidade dos terreos e dereitos que resulten afectados pola actuación, sen prexuízo do respecto de edificacións preexistentes de acordo ó disposto nas Bases de Actuación e na lexislación aplicable.
- b) Polas cotas ordinarias e extraordinarias satisfeitas polos asociados.
- c) Polas subvencións, créditos, doazóns, e outros medios económicos que se obteñan.
- d) Polo produto dos alleamentos de bens da Xunta, no seu caso.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

- e) Polas rendas e produtos do seu patrimonio.
- f) Polas participacións e ingresos provenientes de convenios con outras Entidades e Organismos para a realización de fins urbanísticos.
- g) Polas achegas das empresas urbanizadoras, no caso da súa incorporación á Xunta de Compensación.

### **ART. 36.- CUOTAS E AS SÚAS CLASES**

1.- Son cotas ordinarias as destinadas a sufraga-los gastos xerais da Xunta que se recollen nos Orzamentos anuais, tales como os de promoción da actuación urbanística, execución das obras de urbanización, abono de honorarios profesionais por elaboración de proxectos, dirección de obras, asesoramento, etcétera; indemnizacións por expropiación de bens e dereitos, e cantos outros veñan esixidos polo cumprimento do obxecto da Xunta de Compensación e estean recollidos no orzamento anual.

2.- Son cotas extraordinarias as que se determinen en acordos específicos da Asemblea Xeral, como por exemplo a asunción de compromisos de garantía, avais, fianzas, constituídos polos membros da Xunta en respaldo de compromisos motivados no proceso urbanizador, e en xeral todas aquelas que non estivesen previstas no Orzamento anual.

### **ART. 37.- CONTÍA E RECAUDACIÓN DE COTAS**

1.- A Asemblea Xeral aprobará as cantidades que deban satisfacer os socios integrados na Xunta de Compensación, definirá a forma e condicións de pago daquelas e procederá á súa recadación.

2.- O importe das cotas será proporcional á porcentaxe de participación de cada membro na Xunta.

3.- O pago realizarase no prazo máximo de dez días hábiles desde a data de notificación do requirimento que efectuará o Consello Reitor. A falta de pago no prazo sinalado, dará lugar á imposición dun recargo do interese básico do Banco de España incrementado en dous puntos. Transcorrido o referido prazo, demandarase ó debedor na vía xudicial ordinaria, ou subsidiariamente interesarse da Administración municipal a incoación dun procedemento de constrinximento contra el.

4.- No caso de reiterada actitude de incumprimento no pago das cotas, apreciada pola Asemblea Xeral, poderase instar do Concello a expropiación forzosa da finca do propietario renuente en beneficio da Xunta de Compensación, tal e como dispón a Base de Actuación Quinta.

## **TÍTULO VI: IMPUGNACIÓN DE ACORDOS**

### **ART. 38.- RECURSOS**

1.- Os acordos dos órganos da Xunta de Compensación son executivos e en principio non se suspenderán pola súa impugnación.

2.- Os acordos do Consello Reitor e da Asemblea Xeral serán recorribles en alzada, os

primeiros ante a Asemblea Xeral e os segundos ante o Concello de Vigo, no prazo dun mes contado dende a súa adopción ou dende a súa notificación ós ausentes no domicilio que conste na Xunta de Compensación.

3.- Os acordos da Asemblea Xeral e do Consello Reitor serán considerados firmes se non fosen impugnados nos prazos sinalados nos apartados precedentes. En todo caso, os que votasen en favor do acordo, por si ou por medio de representante, non estarán lexitimados para a súa posterior impugnación na vía administrativa nin xudicial.

## **TÍTULO VII: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN**

### **ART. 39.- DISOLUCIÓN**

1.- A Xunta de Compensación disolverase por algunha das seguintes causas:

- a) Cumprimento do fin para o que foi constituída, segundo estes Estatutos.
- b) Por mandato da autoridade Xudicial.
- c) En forma voluntaria, por acordo adoptado en Asemblea Xeral por maioría absoluta de cotas de participación.
- d) Transformación en sociedade civil ou mercantil, co voto unánime dos membros da Xunta.
- e) Resolución firme da Administración municipal substituíndo o Sistema de Compensación por outro de xestión pública.

2.- A disolución da Xunta de Compensación dará lugar á extinción da súa personalidade xurídica, debéndose transformar en entidade urbanística de conservación se así o esixe o planeamento urbanístico vixente.

3.- Nos supostos a), c) e d) do Apto. 1 deste artigo, a disolución deberá ser aprobada polo Concello de Vigo.

4.- O Consello Reitor estará facultado, coas limitacións que a Asemblea Xeral acorde, para realizar as operacións subseguintes á disolución.

### **ART. 40.- LIQUIDACIÓN**

1.- Acordada validamente a disolución da Entidade, o Consello Reitor procederá á súa liquidación.

2.- O patrimonio común, se o houber, distribuirase entre os asociados en proporción á súa participación na Xunta de Compensación.

## **BASES DE ACTUACIÓN**

### **PRIMEIRA.- ÁMBITO TERRITORIAL**

Estas bases regulan a actuación da Xunta de Compensación constituída para a correcta execución do Sistema de Compensación e das obras de urbanización dos terreos integrados ou adscritos no Polígono de referencia.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

### **SEGUNDA.- AS BASES COMO NORMA DE DISTRIBUCIÓN DE BENEFICIOS E CARGAS**

En desenvolvemento destas Bases, formularase o correspondente Proxecto de Compensación como medio de distribución de beneficios e cargas e como título para a adxudicación dos terreos resultantes da actuación.

### **TERCEIRA.- OBRIGATORIEDADE DAS BASES**

O disposto neste modelo de Bases xerais vincula ós membros da Xunta de Compensación, especialmente no referido ó contido do Proxecto de Compensación que haberán de redactar e aprobar.

### **CUARTA.- VALORACIÓN DAS PARCELAS ORIXINAIS. FINCAS LITIXIOSAS**

1.- O dereito dos propietarios será proporcional á superficie das parcelas respectivas. Con todo, os propietarios, por unanimidade, poderán adoptar un criterio distinto.

2.- No suposto de discrepancias sobre a titularidade da totalidade ou parte dun terreo ou sinalamento de lindeiros, a resolución definitiva corresponderá á xurisdición civil ordinaria. O proxecto de compensación limitarase, nese caso, a cualificar a titularidade de dubidosa ou litixiosa, segundo proceda. A Administración actuante asumirá a representación dos dereitos e intereses desas titularidades a efectos da tramitación do expediente. Os gastos que sexan imputables ás devanditas titularidades poderán facerse efectivas pola vía de constrinximento ou pola vía xudicial ordinaria no caso de falta de pagamento. Con todo, as cuestións de lindeiros poderán resolverse no propio expediente de equidistribución, se media a conformidade dos interesados, acreditada mediante comparecencia ou en calquera outra forma fidedigna.

### **QUINTA.- FINCAS A EXPROPIAR. VALORACIÓNS**

1.- As fincas que se expropian polo Concello de Vigo ós propietarios non incorporados á Xunta de Compensación ou que incumpren as súas obrigas con esta, valoraranse consonte co disposto na lexislación urbanística aplicable.

2.- Son causas de expropiación por sanción dos terreos do polígono, con independencia da motivada na falla de incorporación á Xunta, as seguintes:

a) A falta de pagamento de cotas ordinarias e extraordinarias nos prazos establecidos no art. 37 dos Estatutos, se polo menos nunha ocasión anterior foi necesario acudir á vía xudicial ou de constrinximento para o cobro dalgunha cota.

b) En xeral, o incumprimento reiterado dalgunha ou algunhas das obrigas sinaladas no art. 15 dos Estatutos, previa constatación e aprobación pola Asemblea Xeral e o Concello. A estes efectos, entenderase por reiteración o incumprimento desas obrigas nun mínimo de tres ocasións.

3.- Ó valor das fincas expropiadas por incumprimento de obrigas sociais restaráselle a cantidade adebedada polo seu titular en concepto de cotas ou derramas devindicadas pola Xunta de Compensación para o pago de gastos xa contraídos.

4.- A tramitación do expediente contradictorio do prezo xusto expropiatorio non será obstáculo para a derruba pola Xunta de Compensación das edificacións, instalacións e demais construcións nin para a ocupación pola mesma Xunta do solo, subsolo ou voo e o desaloxo dos

seus ocupantes, nos termos legalmente establecidos segundo o procedemento expropiatorio empregado.

#### **SEXTA.- ELEMENTOS EXISTENTES SOBRE AS FINCAS APORTADAS. INDEMNIZACIÓN E VALORACIÓN**

1.- As edificacións, obras, plantacións, instalacións e mais outros elementos materiais existentes no solo, voo ou subsolo das fincas preexistentes, non se consideran como valores aportados nin deben ser en principio indemnizados.

2.- Con todo, ditos elementos serán indemnizados con cargo ó fondo de compensación nos seguintes casos alternativos:

a) Cando sexa necesaria a súa eliminación física para realiza-las obras de urbanización previstas no planeamento urbanístico aplicable.

b) Cando estean situados nunha parcela primitiva que no Proxecto de Compensación non se adxudique integramente ó seu propietario orixinal.

c) Cando a súa conservación sexa radicalmente incompatible coa ordenación urbanística, incluso como uso provisional.

3.- A valoración destes elementos efectuarase de acordo co disposto na lexislación vixente aplicable, determinándose a correspondente indemnización no Proxecto de Compensación. Poderase acudir ante o Xurado de Expropiación de Galicia, ou órgano que o substitúa, no caso de discrepancia coa valoración aprobada no Proxecto de Compensación de acordo co sinalado no Art. 12.3 dos Estatutos. Con todo, a aprobación definitiva do mesmo constituirá título suficiente para a ocupación dos inmobles que correspondan, unha vez que se constitúa en depósito ou se efectúe o pagamento das indemnizacións ás que se refire este número.

4.- As edificacións, obras, plantacións, instalacións e outros elementos existentes sobre as fincas, nos que a súa derruba non sexa precisa en atención ó disposto nos parágrafos anteriores, poderanse conservar polos seus actuais propietarios, a excepción das partes ou superficies afectadas pola regularización dos seus lindeiros e as segregacións precisas de superficies, subsolo e voos obxecto da cesión para o desenvolvemento da ordenación do Polígono.

5.- A cualificación como fóra de ordenación deses edificios, obras, plantacións ou instalacións e outros elementos materiais existentes nas parcelas das que a súa derruba non sexa precisa para a realización das obras de urbanización, non orixinará en ningún caso dereito a indemnización a cargo da Xunta de Compensación.

6.- A adxudicación en pro indiviso dunha mesma parcela resultante a varios propietarios tampouco dará lugar a indemnización.

#### **SÉTIMA.- EXISTENCIA DE DEREITOS REAIS E CARGAS, SERVIDUMES E DEREITOS DE ARRENDAMENTO. VALORACIÓN**

1.- Cando non se produza a subrogación real, o acordo aprobatorio do instrumento de equidistribución extinguirá os dereitos reais e cargas constituídos sobre o predio achegado. O propietario que o achegou sufragará a indemnización que corresponda, fixándose o seu importe no mencionado acordo.

2.- Nos supostos de subrogación real, se existisen dereitos reais ou cargas que se estimen incompatibles co planeamento, o acordo aprobatorio do Proxecto de Compensación declarará a



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

súa extinción e fixará a indemnización correspondente a cargo do propietario respectivo.

3.- Existindo subrogación real e compatibilidade co planeamento urbanístico, se a situación e as características do novo predio fosen incompatibles coa subsistencia dos dereitos reais ou das cargas que deberían recaer sobre elas, as persoas ás que estes dereitos ou cargas favorecesen poderán obter a súa transformación nun dereito de crédito con garantía hipotecaria sobre o novo predio, na contía en que a carga se valorase.

O rexistrador da propiedade que aprecie tal incompatibilidade farao constar así no asento respectivo. En defecto de acordo entre as partes interesadas, calquera deles poderá acudir ó Xulgado competente de orde civil para obter unha resolución declarativa de compatibilidade ou incompatibilidade e, neste último caso, para fixar a valoración da carga e a constitución da mencionada garantía hipotecaria.

4.- Malia o disposto nos números 1 e 2 desta Base de Actuación, as indemnizacións pola extinción de servidumes ou dereitos de arrendamento incompatibles co planeamento ou coa súa execución consideraranse gastos de urbanización a cargo da Xunta de Compensación, sempre e cando se traten de servidumes ou arrendamentos anteriores á data de aprobación definitiva do Plan Xeral vixente, sendo noutro caso a cargo do dono da parcela ou arrendador.

5.- A valoración dos dereitos reais, cargas, servidumes e dos arrendamentos que se extingan efectuarase no Proxecto de Compensación, segundo o disposto na lexislación aplicable. Poderá acudirse ante o Xurado de Expropiación de Galicia, ou órgano que o substitúa, no caso de discrepancia coa valoración aprobada no Proxecto de compensación. Con todo, a aprobación definitiva do mesmo constituirá título suficiente para a ocupación dos inmobles que correspondan, unha vez que se constituía en depósito ou se efectúe o pagamento das indemnizacións ás que se refire este número.

### **OITAVA.- VALORACIÓN NO CASO DE INCORPORACIÓN DE EMPRESAS URBANIZADORAS**

1.- A valoración da achega de Empresas urbanizadoras determinarase considerando o custo do orzamento dos proxectos e obras das cales asuma a súa realización.

2.- A incorporación poderase producir en calquera momento. Nese caso, a Asemblea Xeral acordará a súa procedencia, condicións e garantías de incorporación, con determinación das contrapartidas á achega da Empresa urbanizadora.

### **NOVENA.- CONTRATACIÓN E CONTROL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN**

A execución das obras de urbanización, e as de edificación, no seu caso, contrataranse pola Xunta de Compensación coa empresa ou empresas e técnicos que libremente sexan designados pola Asemblea Xeral. As obras de urbanización contrataranse coas garantías de concorrencia e publicidade legalmente esixibles.

No contrato de execución de obras consignaranse, ademais das habituais e as concretamente acordadas pola Xunta de Compensación, as seguintes cláusulas:

a) O compromiso da empresa construtora de realiza-las obras de total conformidade cos proxectos de urbanización debidamente aprobados.

b) A obriga da empresa de facilitar a acción inspectora da Administración actuante e da Xunta de Compensación.

- c) Aqueles supostos de incumprimento que poidan dar lugar á resolución do contrato, así como as indemnizacións que correspondan por inobservancia das características técnicas das obras ou dos prazos de execución.
- d) Prazos e modalidade de abono pola Xunta de cantidades a conta en función da obra realizada.
- e) A retención que, de cada pago parcial a conta, teña que efectuar a Xunta, en garantía da correcta execución das obras. Estas retencións non serán devoltas ata a definitiva recepción das obras.

#### **DECIMA.- PRAZOS E FORMA DO PAGO DE CUOTAS**

- 1.- As cotas ordinarias e extraordinarias e as derramas que procedan conforme ó disposto nos Estatutos serán satisfeitas no prazo máximo de dez días hábiles desde que foron requiridos para isto os propietarios integrantes do Polígono, mediante carta certificada con acuse de recibo, burofax, ou calquera outro medio que deixe constancia da súa recepción polo interesado.
- 2.- Transcorrido o prazo sinalado sen efectuarse o pago, seguirase o procedemento establecido no artigo 37 dos Estatutos.
- 3.- O pago efectuarase en metálico. Previo Acordo do Consello Reitor, poderá aprazarse ou fraccionarse en atención ás condicións económico - persoais dalgún dos membros da Xunta sen que, en ningún caso, supoña prexuízo para o conxunto. Tamén poderase acordar pola Xunta de Compensación a substitución do pago en metálico pola entrega de terreos do polígono con valor equivalente na proporción que corresponda á cota ou cotas, correspondendo á Xunta de Compensación a fixación do valor de cambio e quedando a cota do propietario reducida ó terreo que reteña.

#### **DECIMOPRIMEIRA.- RESPONSABILIDADE DA XUNTA DE COMPENSACIÓN**

A Xunta de Compensación será directamente responsable fronte ó Concello da urbanización completa do Polígono, tanto no que respecta ás características técnicas das obras coma no referente ós prazos de execución e transmisión ó Concello das mesmas.

#### **DECIMOSEGUNDA.- AFECCIÓN REAL DOS TERREOS**

Os terreos quedan afectos ó cumprimento das obrigas inherentes ó sistema de compensación, segundo o disposto na vixente lexislación urbanística e rexistral.

#### **DECIMOTERCEIRA.- VALORACIÓN DAS FINCAS RESULTANTES E MOMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

- 1.- Para a determinación do valor das parcelas resultantes considerarase o valor de repercusión en parcela, determinado na forma que sinale a normativa sobre fixación de valores catastrais. Se o valor de repercusión en parcela non estivese determinado pola Administración Tributaria conforme ás determinacións do plan en execución, ou perdese a súa vixencia, calcularase aquel aplicando os valores de repercusión obtidos polo método residual. As compensacións económicas substitutivas ou complementarias por diferenzas de adxudicación que, se é o caso, procedan, fixaranse conforme ó disposto no resto das Bases de Actuación e na lexislación vixente.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

2.- A aprobación definitiva do Proxecto de Compensación efectuada polo Concello determinará a subrogación con plena eficacia real das antigas polas novas parcelas, coa conseguinte inscrición no Rexistro da Propiedade e aplicación das exencións fiscais nos termos establecidos na lexislación vixente.

3.- A distribución dos beneficios e cargas efectuarase en proporción ás cotas de participación de cada un dos propietarios, de acordo co sinalado nos Estatutos e nas presentes Bases de Actuación.

4.- En ningún caso poderanse adxudicar como fincas independentes superficies inferiores á parcela mínima edificable ou que non reúnan a configuración e características axeitadas para a súa edificación conforme ó planeamento. Se pola escasa contía dos dereitos dalgúns dos membros da Xunta, non fose posible a adxudicación ós mesmos de fincas independentes, atribuiráselles en pro indiviso, con expresión no título da cota correspondente a cada un deles, sen que por elo teñan dereito a indemnización. Procurarase agrupar a todos estes propietarios nunhas mesmas parcelas resultantes. Nestes supostos os adxudicatarios en pro indiviso virán obrigados a edificar conxuntamente ou a transmitir a súa participación ós restantes condóminos. Con todo, se a contía dos dereitos dalgún propietario non alcanzase o 15 por cento da parcela mínima edificable, a adxudicación poderase substituír por unha indemnización en metálico.

5.- Procurarase, sempre que o consintan as esixencias da reparcelamento, que as fincas adxudicadas se sitúen no lugar máis próximo posible ó das antigas propiedades dos mesmos titulares. Esta regra non se aplicará no caso de que as antigas propiedades estean situadas en máis do 50 por 100 da súa superficie en terreos destinados polo plan a viarios, zonas verdes ou outros usos incompatibles coa propiedade privada. Tampouco se pode evitarse unha situación de pro indiviso na finca resultante.

6.- No suposto en que se produzan diferenzas de adxudicación, estas serán contempladas e valoradas no Proxecto de Compensación conforme ó disposto na lexislación vixente, liquidándose ós titulares cando se aprobe definitivamente o citado Proxecto.

### **DECIMOCUARTA.- MOMENTO DE EDIFICACIÓN**

Unha vez aprobados os correspondentes Proxectos de compensación e de urbanización do ámbito, os propietarios poderán acollerse á facultade de inicia-las obras de construción simultánea, previa obtención da correspondente licenza de obras municipal e a prestación das garantías que sexan legalmente esixibles.

### **DECIMOQUINTA.- CONSERVACIÓN DA URBANIZACIÓN E TRANSMISIÓN Ó CONCELLO DE TERREOS E SERVIZOS**

1.- O acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación producirá a cesión ó Concello dos terreos obxecto de cesión gratuíta para a súa afectación ós usos previstos no plan.

2.- Ata que se produza a recepción dos servizos e terreos polo Concello, a conservación da urbanización correrá a cargo da Xunta de Compensación de acordo cos criterios de proporcionalidade previstos para o pago das cotas de urbanización.

3.- A cesión das obras de urbanización e instalacións previstas no seu caso, producirase a prol do Concello no prazo de tres meses desde a súa recepción definitiva pola Xunta de Compensación. Poderanse referir a fraccións do solo ordenado que constitúan unidades funcionais directamente utilizables se así se prevé no Proxecto de Urbanización. Esa recepción

reflectirase nunha Acta que asinarán a Administración e a Xunta de Compensación. Aplicarase de forma supletoria a este respecto o disposto na vixente lexislación sobre o contrato de obras públicas.

4.- No caso de que así o ordenase o plan urbanístico aplicable, constituirase unha entidade urbanística de conservación das zonas verdes de nova creación no momento no que se produza a recepción definitiva, expresa ou presunta, das obras de urbanización polo Concello de Vigo. Tamén poderase constituír pola transformación da Xunta de Compensación en entidade urbanística de conservación.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de adxudicación da contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo. Expte. 8173/252.
  
- .- Rede de museos municipais: Plan Estratéxico 2024-2028. Expte. 3665/341.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **23(839).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8173/252.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

Visto o informe de fiscalización do 17/10/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (8173-252)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (8173-252)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 9 de agosto de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro municipal do Concello de Vigo en data 27/05/2024 e os seus anexos (do nº1 ao nº 11) asinados coa mesma data e fichas das instalacións con referencia 134, 135, 177, 205, 206, 207, 208, 210, 220, pertencentes ao anexo 2 asinadas polo mesmo técnico en data 07/08/2024.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de contratación en data do 09/08/2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 10.421.802,45 euros (parte fixa 10.150.919,75 €, parte variable 270.882,70 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.808.742,57 euros (parte fixa 1.761.729,87€, parte variable: 47.012,70 €).*

*Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9200.227,00,00 “LIMPEZA INSTALACIÓNS, P. SERVIZOS MUNICIPAIS”, de acordo coas seguintes anualidades:*

Ano 2024 (dende o 1 de novembro)	415.099,61
----------------------------------	------------

Ano 2025	2.524.900,79
Ano 2026	2.579.882,72
Ano 2027	2.645.462,67
Ano 2028 (ata o 31 de outubro)	2.256.456,66
	10.421.802,45

*Se a execución do contrato se iniciase máis tarde da data prevista (1 de novembro de 2024), os créditos para a execución do primeiro ano do contrato serán axustados de forma proporcional á data real do inicio, sempre dentro da anualidade correspondente, e tendo en conta o importe ofertado polo adxudicatario. Neste sentido, o prazo do contrato quedará determinado pola data para o inicio que se determine na formalización do contrato, e a súa finalización quedará sempre fixa na data do 31 de outubro de 2028, salvo a aprobación da prorroga prevista. Deste xeito, o prezo do contrato quedará determinado pola parte proporcional que corresponda ás mensualidades da primeira anualidade (ano 2024 ou o seguinte 2025 en caso de iniciarse con posterioridade ao día 1 de xaneiro do 2025), segundo o prazo real definido pola data de inicio, máis o resto das anualidades ata o día 31 de outubro de 2028. Estes importes determinaranse a partir dos importes que para cada anualidade teña ofertado o adxudicatario.*

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 10 de outubro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusións acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de outubro de 2024, de LIMPIEZAS CIES, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (8173-252) na seguinte orde descendente:*

ORD E	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU	84,86
2º	UTE NORTEX OUTSOURCING GLOBAL, SL - NORINTEGRA, S.L.	78,03



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

3º	SAMYL FACILITY SERVICES, SL	72,64
4º	SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, SA	62,91
5º	SERVICIOS INDUSTRIALES REUNIDOS, SAU	30,19

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU, o día 10 de outubro de 2024, que presenta a documentación requirida o 14 de outubro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da licitadora, o obxecto social, así como o nomeamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (1.823.815,43 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo U, Subgrupo 1, Categoría 5) presentan a clasificación Grupo U, Subgrupo 1, Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (1.823.815,43 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo U, Subgrupo 1, Categoría 5) presentan a clasificación Grupo U, Subgrupo 1, Categoría 5.
- Declaración de vixencia dos datos que figuran no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público
- Seguro de caución por un importe de 415.247,36 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 17 de outubro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 30 de setembro e 9 de outubro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de outubro de 2024, de LIMPIEZAS CIES, SL por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP*

*Segundo.- Adxudicar a ONET IBERIA SOLUCIONES, SAU o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (8173-252) por un prezo total do contrato de 10.048.986,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.744.038,90 euros coas seguintes condicións:*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

- a) *O prezo da parte fixa do contrato é de 9.778.103,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.697.026,20 euros*
- b) *O prezo da parte variable do contrato é de 270.882,70 euros, sendo a a cota correspondente ao IVE de 47.012,70 euros.*
- c) *O prezo/hora sen IVE para os traballos baixo demanda é de 16,73 euros para o ano 2024, 16,73 euros para o ano 2025, 17,25 euros para o ano 2026, 17,75 euros para o ano 2027 e 18,28 euros para o ano 2028.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(840).- REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS: PLAN ESTRATÉXICO 2024-2028. EXPTE. 3665/341.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/10/2024, asinado polo xefe de Museos municipais e conformado pola letrada-xefa de Asesoramento, o concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Ley 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

Por parte do Servizo de Museos elabórase o documento *Rede de Museos Municipais. Plan Estratéxico 2024-2028.*

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Pola súa banda, a Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Así mesmo, de acordo co artigo 3a da Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, os museos e centros museísticos teñen entre as súas funcións a exhibición ordenada dos seus fondos e coleccións.

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade ten entre as súas competencias en materia de museos:

*“1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais (...)*

*5. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais”*

A planificación de actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo, así mesmo, unha maior transparencia e rendición de contas nos termos dunha mellor gobernanza.

Atendendo ao anteriormente exposto, a Concellería de Cultura pretende a reorganización e actualización dos diferentes museos e centros expositivos de titularidade e xestión municipal coa finalidade de darlle un novo pulo. Para levala a cabo, durante varios meses estiveronse visitando e analizando os diferentes espazos expositivos que forman parte da Rede de Museos (RM) e mantendo diferentes reunións con técnicos do Concello, profesionais e axentes sociais da cidade coa finalidade de analizar as súas debilidades e fortalezas e de coñecer as opinións e demandas que, desde o sector, se fai da súa actividade.

A conclusión máis evidente da diagnose preliminar é que, por instalacións e calidade da obra que alberga, a RM ten un potencial enorme que non se está aproveitando e que cómpre darlle un pulo para reforzar a súa proxección e compromiso social coa cidade desde unha visión de servizo público. Para acadar ese obxectivo, o xefe de Servizo de Museos e o director do Museo Quiñones de León elaboran o documento Rede de Museos Municipais. Plan estratéxico 2024-2028. Trátase dun documento de planificación estratéxica que se configura como un marco de referencia para a toma de decisións en relación cos retos de futuro aos que se enfrenta a RM.

No referido Plan Estratéxico se conteñen os seguintes aspectos:

- Misión, visión e valores da RM
- Diagnóstico da situación previa
- Obxectivos estratéxicos e xerais
- Identificación das liñas estratéxicas de actuación: obxectivos e accións
- Execución, seguimento e avaliación do Plan Estratéxico





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1765 /1102

No documento final tense en conta a indicación da Secretaría de Administración Municipal de data 16.10.2024 de reducir o grao de concreción nalgún apartado do mesmo para adoptar unha redacción máis xenérica propio dun documento de planificación xeral.

As devanditas liñas estratéxicas se concretan a través dos diferentes programas operativos que, de conformidade coa planificación orzamentaria, se aproben polo órgano competente.

Polo exposto, previo informe xurídico e, se procede, da Intervención Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local como órgano competente en materia de en virtude das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 e 28.06.2024 en materia de aprobación de programas municipais, a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o documento Rede de Museos Municipais. Plan Estratéxico 2024-2028.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(841).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove hora e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez